

DOCUMENTO ORGANIZATIVO

EU  FUTURO
PARA
GALICIA

O PODEMOS Galicia que hoxe afronta a súa terceira asemblea cidadá é un PODEMOS moi diferente ó que dera os seus primeiros pasos en 2014. Hoxe en Galicia somos unha organización madura, con liñas de traballo consolidadas, con presenza en tódolos niveis de representación institucional e cunha experiencia acumulada capaz de sinalar os aspectos organizativos que temos que reforzar e aqueles outros que debemos modificar para garantir que Podemos Galicia será nesta nova etapa a ferramenta máis útil para activar de xeito irreversible o proceso de cambio político galego.

O modelo organizativo de PODEMOS Galicia ten sempre presente que a Asemblea Cidadá de PODEMOS en Galicia son as súas inscritis e inscritos e a súa voz sempre é soberana e está sempre por riva de calquera órgano de representación.

Este documento organizativo poderá ser ampliado e/ou modificado a través das ferramentas de participación de PODEMOS e, como non, na Asemblea Galega.

- 1 OS CÍRCULOS
- 2 A ASEMBLEA CIDADÁ GALEGA
- 3 O CONSELLO CIDADÁN GALEGO
- 4 O CONSELLO DE COORDINACIÓN GALEGO
- 5 A SECRETARÍA XERAL GALEGA
- 6 A COMISIÓN DE GARANTÍAS
DEMOCRÁTICA GALEGA
- 7 FINANCIAMENTO, TRANSPARENCIA
E XESTIÓN DE RECURSOS
- 8 FERRAMENTAS DE PARTICIPACIÓN
A NIVEL GALEGO

The background features a stylized map of Galicia in shades of blue and red, overlaid on a geometric pattern of white lines forming a network of triangles. The text '1 OS CÍRCULOS' is prominently displayed in white.

1 OS CÍRCULOS

EU ♥ FUTURO
PARA
GALICIA

Artigo 1 | **Os círculos**

A estrutura básica de PODEMOS son os Círculos. Os Círculos son o pé de Podemos nas rúas, barrios, aldeas, vilas e cidades, e canalizan as demandas entre a cidadanía e os cargos públicos, entre a xente e as institucións.

Os círculos territoriais e sectoriais en Galicia terán as mesmas competencias e funcións que as desenvolvidas a nivel estatal. A Secretaría de Organización e a Secretaría de Participación, cada unha dentro das súas funcións, serán as responsables de potenciar a participación dos círculos, as súas iniciativas e autoorganización co fin de empoderar á cidadanía e construír poder popular, así como de garantir e apoiar o proceso de activación dos círculos de forma transparente e en respecto aos principios éticos, políticos e organizativos aprobados pola Asemblea Cidadá Estatal.

Os círculos son a base social e militante de PODEMOS sobre a que se fundamenta o movemento na súa capacidade de xerar debate político, crear poder popular, construír unha organización próxima á cidadanía e promover un protagonismo da cidadanía que posibilite o cambio institucional. Así, é imprescindible abrir espazos de enlace onde os cidadáns e as cidadás sexan protagonistas, tamén a nivel galego, onde círculos, consellos cidadás municipais, áreas de traballo e inscritas poidan colaborar conxuntamente e traballar participativamente.

Artigo 2 | **Círculos sectoriais galegos**

Acorde co principio de non duplicidade entre Círculos, o único carácter posible dun Círculo Sectorial é de territorialidade Galega. Doutro xeito, o solapamento territorial xeraría unha xerarquía contraria á horizontalidade dos Círculos.

Os Círculos sectoriais galegos son unha agrupación voluntaria e aberta na que converxen persoas interesadas polas transformacións económica e social de Galicia e estableceranse mecanismos de participación e colaboración coas áreas de traballo dependente do Consello Cidadán Galego a través dunha área de Coordinación.

Artigo 3 | **Círculos Comarcais ou Supra Municipais**

Co fin de fortalecer a nosa organización máis alá das zonas urbanas e facilitar así a participación de tódolos inscritos de PODEMOS, evitando deste xeito que exista unha desconexión entre as estruturas orgánicas e os círculos onde a nosa organización penetrou de xeito diferente, fomentárase a creación de estruturas comarcais, segundo a idiosincrasia propia de cada zona do territorio galego porque consideramos que é unha forma de ordenación propia de Galicia que deber estar presente en PODEMOS.

Estes círculos terán tamén a capacidade de estar activos ou non, coas mesmas consecuencias que os círculos municipais e sectoriais.



A
2 ASEMBLEA
CIDADÁ
GALEGA

EU ♥ FUTURO
PARA
GALICIA

Artigo 4 | **Composición**

A Asemblea Cidadá Galega é o órgano soberano de decisión de PODEMOS Galicia e estará composta polo conxunto de persoas inscritas en PODEMOS en Galicia.

Todas as inscritas de Galicia poden e deben participar na toma de decisión a través dos mecanismos que artellará PODEMOS Galicia para garantir o dereito á voz e ao voto de todos os seus membros na Asemblea Cidadá Galega a través de ferramentas de participación, de votación, retransmisións en *streaming* para seguir os momentos de debate presencial e diferentes comunicacións aos inscritos e inscritas, puntos de votación non telemáticos, etc.

Artigo 5 | **Obxecto da Asemblea Cidadá Galega**

A Asemblea Cidadá Galega será o órgano de consulta e decisión principal en Galicia, con carácter preceptivo e vinculante.

Artigo 6 | **Competencias da Asemblea Cidadá Galega**

A Asemblea Cidadá Galega é o máximo órgano de decisión en PODEMOS Galicia e, polo tanto, correspóndelle tomar decisións con plena autonomía respecto a todas as cuestións de especial relevancia para o conxunto da organización en Galicia, sempre que non entre en contradición competencial cos principios xerais de PODEMOS nin coas decisións da Asemblea Cidadá Estatal.

Polo tanto, as decisións da Asemblea Cidadá Galega serán vinculantes e non poderán ser revogadas máis que pola mesma Asemblea Cidadá Galega.

Ademais, a Asemblea Cidadá Galega poderá ser convocada con carácter permanente e vinculante respecto de calquera asunto que se considere de especial relevancia.

Son competencias exclusivas e intransferibles da Asemblea Cidadá Galega as seguintes:

- 1 Determinar o xeito no que se traducirán os principios programáticos do programa de PODEMOS no territorio galego.
- 2 Elaborar, mediante un proceso de primarias abertas e cidadás, as listas electorais para optar a cargos públicos para as institucións de representación de Galicia.

- 3 Aprobar ou rexeitar calquera tipo de pacto ou alianza pre ou postelectoral para as institucións de representación de Galicia, sempre de forma suxeita a Asembleas de Orde Superior.
- 4 Aprobar os programas electorais definitivos, tras un proceso de elaboración participativa e un preceptivo informe de viabilidade económica, sempre de forma suxeita aos principios xerais aprobados pola Asemblea Cidadá Estatal.
- 5 Elixir o Consello Cidadán Galego, mediante un sistema de listas abertas corrixido con criterios de xénero. O Consello Cidadán Galego é o máximo órgano do partido entre Asembleas Cidadás.
- 6 Revogar a calquera membro do Consello Cidadán Galego.
- 7 Definir as funcións do Consello Cidadán Galego.
- 8 Elixir e revogar a/o Secretario/a Xeral Galego/a mediante un sistema electoral de voto directo e definir as súas funcións.
- 9 Elixir e revogar á Comisión de Garantías Democráticas Galega ou a calquera dos seus membros.
- 10 Aprobar os regulamentos organizativos e as súas modificacións.
- 11 Definir as funcións e a forma de coordinación entre os diferentes círculos do territorio galego.
- 12 Definir as funcións e a forma de coordinación coas Asembleas e Consellos Cidadás doutros territorios.

Artigo 7 | **Mecanismos de convocatoria de Asemblea Cidadá Galega**

A Asemblea Cidadá Autonómica ordinaria reunirse como mínimo cada catro anos e ocuparse polo menos das decisións relativas á liña estratéxica no territorio, a elección da Secretaría Xeral Autonómica, a composición do Consello Cidadán Autonómico e a composición da Comisión de Garantías Democráticas Autonómica.

De non convocarse con anterioridade, transcorrido un período de catro anos a Asemblea Cidadá Autonómica ordinaria entenderase convocada de xeito automático.

A Asemblea Cidadá Galega será convocada:

- Con carácter ordinario de forma automática transcorridos catro anos dende a anterior. Este tipo de convocatoria terá polo menos unha fase presencial e denomínase Asemblea Cidadá ordinaria.
- En forma de Asemblea Cidadá ordinaria despois de que pasasen polo menos dezaioito meses desde a anterior a proposta de:
 - A Secretaría Xeral Galega ou unha maioría do Consello de Coordinación Galego
 - Unha maioría cualificada de 3/5 do Consello Cidadán Galego
 - Un 25% das persoas inscritas en Podemos Galicia
 - Un 30% dos Círculos Galegos activos
- En forma de Asemblea Cidadá permanente para decidir, con carácter vinculante, sobre algunha única cuestión de gran relevancia política. Poderán convocar a Asemblea Cidadá permanente:
 - A Secretaría Xeral, previo informe ao Consello Cidadán Galego.
 - Unha maioría de 3/5 do Consello Cidadán
 - Un 10% das persoas inscritas en Podemos
 - Un 20% dos Círculos activos
- En forma de Asemblea Cidadá Extraordinaria, sempre que teñan transcurridos un mínimo de 18 meses dende a Asemblea Cidadá anterior. Poderán convocar unha Asemblea Cidadá Galega Extraordinaria:
 - 1 A persoa que ostente a Secretaría Xeral Galega
 - 2 A maioría cualificada de 3/5 do Consello Cidadán Galego
 - 3 Un 25% das persoas inscritas en PODEMOS Galicia ou un 30% dos Círculos activados en Galicia

Artigo 8 | **Organización técnica das Asembleas**

A organización técnica das Asembleas Cidadás, sexa cal sexa a súa natureza, correspóndelle ao Consello Cidadán Galego. A Comisión de Garantías Democráticas velará polo cumprimento desta esixencia.

Artigo 9 | **Modificacións estatutarias**

Para a modificación substancial de máis dun aspecto dos regulamentos organizativos galegos ou para a elección completa dos órganos de dirección será necesaria a convocatoria dunha Asemblea Cidadá Galega Ordinaria ou Extraordinaria que incluírá momentos de deliberación presencial.

No caso de modificacións sustanciais de un aspecto concreto do regulamento organizativo galego ou dunha cuestión política concreta, poderá procederse a súa modificación pola vía da consulta/referéndo á Asemblea Cidadá Galega.


Artigo 10 | **Toma de decisións**

As Asembleas Cidadás Autonómicas poderán adoptar decisións en torno ás materias da súa competencia e aquelas de especial transcendencia a través do seguinte sistema de votación:

- Un quórum mínimo do 10% dos inscritos de PODEMOS en Galicia.
- Un proceso de votación telemático cos debidos requisitos de anuncio, exposición pública do caso e o debate que conte con un período de votación suficiente no que só poderán participar os inscritos de PODEMOS Galicia.

De non superar estes requisitos, a Asemblea e o Consello Cidadán só poderán seguir adiante coa decisión, previa consulta ao Consello Cidadán Estatal e a aprobación da mesma na Asemblea Cidadá Presencial Ordinaria.

En todas as votacións da Asemblea Cidadá Galega aplicarase un compromiso de obxectividade e transparencia, publicando regularmente a participación no proceso.



3 O CONSELLO CIDADÁN GALEGO

EU ♥ FUTURO
PARA
GALICIA

Artigo 11 | **O Consello Cidadán Galego**

O Consello Cidadán Galego é o máximo órgano da dirección política de PODEMOS en Galicia, con funcións executivas.

Artigo 12 | **Composición do Consello Cidadán Galego**

Serán membros electos do Consello Cidadán Galego con voz e voto:

- 34 membros electos na Asemblea Cidadá Galega de acordo co sistema electoral vixente nesa convocatoria.
- Dúas persoas escollidas en representación dos Círculos de Galicia.
- A persoa escollida para ocupar a Secretaría Xeral de PODEMOS Galicia

Serán membros natos con voz e voto:

- Todas a persoas que teñan ocupado a Secretaría Xeral de PODEMOS Galicia nalgun momento da súa historia.
- A Secretaría Xeral de Podemos Galicia ou da maioría absoluta do CCA poderán invitar a formar parte do Consello Cidadá de xeito puntual ou permanente con voz pero sen voto a:
- As secretarias ou secretarios xerais de calquera das cidades ou vilas de Galicia.
- As deputadas, deputados, concelleiros, alcaldesas/as ou calquera outro representante de PODEMOS nas institucións locais, provinciais, autonómicas, estatais ou supraestatais.

Igualmente, a Secretaría Xeral de Podemos Galicia será libre de invitar ás reunións, con voz pero sen voto, ás persoas que considere que poden aportar tecnicamente a problemas concretos da Sociedade Galega.

Artigo 13 | **A elección dos integrantes do Consello Cidadán Galego**

Os 34 membros elixiranse por un sistema de listas abertas. Serán membros do Consello Cidadán Galego as 34 persoas máis votadas, introducindo criterios de corrección de xénero.

O seu mandato terá unha duración máxima de catro anos, esgotando o seu mandato no intre no que unha nova Asemblea Cidadá Galega escolle unha nova dirección política para a organización.

Artigo 14 | **A revogación dos integrantes do Consello Cidadán Galego**

Os membros do Consello Cidadán Galego poderán ser revogados mediante un referendo.

Para iniciar un proceso de votación destinado a revogar o mandato dun integrante do Consello Cidadán Galego será necesario achegar o aval dun 20% dos inscritos en PODEMOS Galicia ou un 25% dos círculos territoriais e sectoriais da autonomía.

O Consello Cidadán Autonómico, actuando de xeito colexiado, será o encargado de organizar o proceso electoral de revogación que terá que levarse a cabo sobre o mesmo corpo electoral que elixiu aos membros do Consello. Os referendos revogatorios sempre serán de carácter individual.

Non poderá celebrarse máis dun revogatorio sobre unha persoa no período dun mandato. Para a convocatoria dun referendo revogatorio será preceptivo o transcurso dun mínimo dun ano dende a súa elección.

Artigo 15 | **Competencias do Consello Cidadán Galego**

Son competencias do Consello Cidadán Galego:

- 1 Desenvolver con funcións executivas as decisións aprobadas pola Asemblea Cidadá Galega e aquelas que conduzan a desenvolver a liña política de PODEMOS en Galicia.
- 2 Convocar á Asemblea Cidadá Galega tanto para todas as cuestións que resulten preceptivas como para calquera outra consulta.
- 3 Convocar, para cuestións de especial transcendencia e se así o estimase oportuno, calquera Asemblea de nivel territorial inferior
- 4 Aprobar o orzamento e a rendición de contas de cada exercicio.
- 5 Aprobar os orzamentos das campañas electorais e das actividades específicas do territorio para as campañas de nivel estatal ou territorial.
- 6 Establecer as áreas de traballo que funcionarán a nivel galego, nomeando responsables das mesmas e definindo os mecanismos de participación aberta necesarios das mesmas que garantan a correcta interacción entre o Consello galego, consellos municipais, círculos e inscritos de PODEMOS.
- 7 Apoiar, asistir e proporcionar recursos suficientes para desenvolver a súa actividade aos círculos, os órganos de PODEMOS e os seus grupos institucionais
- 8 Aprobar, por maioría simple, as contratacións do persoal. Todo iso sen prexuízo dos protocolos de contratacións establecidos polo propio Consello Cidadán Galego, a regulamentación laboral estatal, os protocolos de RRHH e baixo as recomendacións do Módulo II do Documento de Principios Organizativos estatal.

Artigo 16 | **Convocatoria do Consello Cidadán Galego**

O Consello Cidadán Galego poderá ser convocado en calquera momento a través de:

- 1 Convocatoria da Secretaría Xeral.
- 2 Por maioría simple do Consello Cidadán.

De xeito ordinario, celebrarase un mínimo dun Consello Cidadán Galego cada tres meses, non podendo celebrarse menos de catro Consellos Cidadás Galegos ao ano.

Corresponde á Secretaría Xeral de Galicia convocar formalmente estes consellos ordinarios a través de correo electrónico con 72 horas de antelación, podendo ter un prazo menor sempre que existan causas extraordinarias debidamente motivadas.

Para facilitar a asistencia de tódolos seus integrantes e a conciliación familiar, os Consellos Cidadáns presenciais tratarán de celebrarse:

- De xeito regular, previsible e anticipado en sábado, domingo ou festivo,
- De xeito regular, previsible e anticipado nos meses de Xaneiro, Abril, Xullo e Outono.
- De xeito regular, previsible e anticipado facilitando unha hora de inicio de unha hora estimada de finalización.
- Facilitando a participación telemática daquelas persoas que non poidan acudir de xeito presencial por razóns laborais, de axenda, saúde ou familiares.
- Facilitando ludoteca ou espazos de xogo para as nenos e nenas a cargo das persoas que integran o Consello Cidadán Galego.
- Facilitando espazos adaptados ás persoas con necesidades especiais.

Artigo 17 | **Funcionamento do Consello Cidadán Galego: Secretarías e Areas de Traballo**

O Consello Cidadán Galego organizarase por Secretarías e Áreas de Traballo, podendo ser alterables segundo as necesidades que se atopen no propio Consello.

Tódalas persoas que forman parte do Consello Cidadán Galego estarán integradas nalgunha Secretaría ou Área de Traballo.

O Consello Cidadán Galego escollerá unha persoa como responsable de cada unha das Secretarías e das Áreas de Traballo a proposta do Consello de Coordinación. As persoas responsables de Areas ou Secretarías poderán ser ou non membros do Consello Cidadán pero terán que ser apoiadas pola maioría simple do órgano.

O Consello Cidadán Galego rexerese polos criterios de transparencia, participación e eficiencia, introducindo mecanismos que favorezan a accesibilidade das actas das sesións, que serán públicas, e que favorezan poder intervir nas ordes do día sobre o traballo das áreas para facilitar a participación dos inscritos que desexen colaborar nestas dun xeito ordenado e eficaz.

As áreas organizarán reunións e establecerán mecanismos de participación para realizar consultas sobre as cuestións de especial transcendencia aos círculos sectoriais autonómicos ou a grupos de traballo que traten temas homólogos nos distintos municipios do territorio. De cara á eficiencia e para conseguir unha maior transparencia, a información será pública e accesible de xeito telemático, evitando así a duplicidade de tarefas e un maior aproveitamento do traballo feito ata o momento.



4 O CONSELLO DE COORDINACIÓN GALEGO

EU ♥ FUTURO
PARA
GALICIA

Artigo 18 | **O Consello de Coordinación Galego**

O Consello de Coordinación Galego é o órgano encargado de organizar o traballo e asumir as tarefas diarias mentres non se atope reunido o Consello Cidadán. O Consello de Coordinación é, ademais, o equipo no que se apoia o/a Secretario/a Xeral para realizar as súas tarefas, tanto de carácter público como de coordinación interna.

A Secretaría Xeral de PODEMOS Galicia propondrá ao Consello Cidadán Galego unha organización en Secretarías, Áreas de Traballo e o nomeamento das persoas que integrarán o Consello de Coordinación nos dous meses posteriores a primeira reunión do Consello Cidadán Galego trala súa elección.

A elección farase a proposta do Secretario/a Xeral e deberá estar ratificada polo Consello Cidadán por maioría simple.

O/a Secretario/a Xeral será membro nato do Consello de Coordinación.

Os integrantes do Consello de Coordinación e as persoas responsables de Área poderán ser membros do Consello Cidadán Galego ou persoas que pola súa traxectoria profesional ou política acrediten sobrada experiencia na materia da que se trate. Como mínimo, a metade dos integrantes do Consello de Coordinación deberán ser membros do Consello Cidadán Galego.

Todas as persoas que integran o Consello de Coordinación ou asumen a responsabilidade dunha Área terán que render contas do traballo realizado en cada reunión do Consello Cidadán.

Os membros do Consello de Coordinación poderán ser revogados polo/a Secretario/a Xeral tendo que propor outros integrantes que deberán ser ratificados polo Consello Cidadán de novo.



A
5 SECRETARÍA
XERAL
GALEGA


EU ♥ FUTURO
PARA
GALICIA

Artigo 19 | **A Secretaría Xeral Galega**

O/a Secretario/a Xeral Galego/a será elixido/a por todos os membros de PODEMOS inscritos en Galicia.

Competencias

- 1 Representación política e institucional do partido.
- 2 Convocatoria da Asemblea Cidadá Galega, tanto para todas as cuestións que resulten preceptivas, como para calquera outra consulta segundo o establecido neste documento.
- 3 Convocatoria do Consello Cidadán Galego, tanto para as cuestións que resulten preceptivas, como para calquera outra consulta segundo o establecido neste documento.
- 4 Convocar, para cuestións de especial transcendencia e se o estima oportuno, calquera Asemblea de nivel territorial inferior.



A
COMISIÓN
DE
6 GARANTÍAS
DEMOCRÁTICAS
GALEGA

EU ♥ FUTURO
PARA
GALICIA

Artigo 20 | **Composición da Comisión de Garantías Democráticas Galega**

A Comisión de Garantías Democráticas está composta por 5 membros elixidos directamente pola Asemblea Cidadá mediante voto directo e cun sistema de listas abertas.

Polo menos un 70% dos seus membros (entre titulares e suplentes) deberán ser xuristas e acreditado.

A Comisión de Garantías Democráticas elixirá unha Presidencia e dotarase dun regulamento público onde se estableza o seu funcionamento que deberá ser aprobado polo Consello Cidadán

A Comisión de Garantías Democráticas deberá recibir a formación feminista adecuada para poder dirimir os casos de acoso sexual e discriminación por xénero.

Artigo 21 | **Competencias da Comisión de Garantías Democráticas Galega**

A Comisión de Garantías Democráticas velará polos dereitos das inscritas e polo cumprimento dos principios éticos dentro do territorio galego; é por iso que se converte na primeira instancia obrigatoria ante calquera conflito que teña o seu ámbito no territorio galego.

Artigo 22 | **Métodos de convocatoria da Comisión de Garantías Democráticas Galega**

A Comisión de Garantías actuará de oficio ou a petición de calquera membro inscrito ou órgano do partido a través dun procedemento áxil e flexible do que sempre constará expediente escrito.

Para isto, habilitarase un formulario na web estatal (podemos.info) ou, no seu defecto, na web galega (<https://galicia.podemos.info>) para poder activar calquera reclamación ou pregunta á comisión.

Artigo 23 | **Funcionamento da Comisión de Garantías Democráticas Galega**

De cumprirse os requisitos estatutarios e regulamentarios establecidos para solicitar a intervención da Comisión de Garantías Democráticas Autonómica, a reclamación ou recurso será admitido a trámite, sendo competencia exclusiva da Comisión da Garantías a decisión de tramitar ou archivar sen que ningún outro órgano poda interferir nesta decisión, (sen prexuízo da incoación de oficio do procedemento disciplinario do artigo 71 dos Estatutos de PODEMOS polo Consello de Coordinación, que deberá ser remitido inmediatamente á Comisión de Garantías para a súa tramitación con total independencia).

A Comisión de Garantías Democráticas resolverá as reclamacións ou preguntas de xeito motivado e de acordo ós Estatutos de PODEMOS, ó documento de principios éticos e ós regulamentos e acordos previamente establecidos, así coma ós principios de democracia, transparencia e demais elementos esenciais de PODEMOS e sempre de acordo ós principios xerais do Dereito.

As resolucións da Comisión de Garantías Democráticas serán unicamente apelables ante a Comisión de Garantías Democráticas Estatal e os efectos derivados das mesmas serán os que se establecen no regulamento da Comisión de Garantías de Galicia.

Artigo 24 | **Mecanismos de mediación**

A Comisión de Garantías poderá elaborar un protocolo polo que os afectados por unha disputa poidan solicitar a súa mediación de xeito voluntario no momento de alegacións. Se tódolos afectados están de acordo, iniciarase o proceso. Neste caso, a Comisión designará a un mediador independente (que será o instrutor a quen lle corresponda por quenda o asunto) que se encargará de contactar coas partes, recadar as súas alegacións e aproximar posturas por medio de ofertas de consenso. Ambas partes poderán negociar e aceptar de mutuo acordo a solución proposta concluído o proceso. De non ser así, o mediador redactará un informe que se terá en consideración pola Comisión de Garantías á hora de considerar a reclamación.

Artigo 25 | **Colaboración**

A colaboración coa Comisión de Garantías Democráticas de Galicia, no prazo razoable que esta determine, é inescusable para todos os inscritos, órganos e membros individuais dos órganos. En caso de incumprimento desta obriga estatutaria, a persoa encargada da instrución poderá poñelo en coñecemento do Pleno da Comisión aos efectos que se determinan no Regulamento da Comisión.

A Comisión de Garantías Galega elaborará un regulamento base para a súa aprobación por parte das persoas que a compoñen en maioría simple que incluírá, como mínimo, os seguintes puntos:

- Obrigacións e competencias
- Método de traballo e convocatoria
- Sistema de Votacións



7 FINANCIAMIENTO, TRANSPARENCIA E XESTIÓN DE RECURSOS

En PODEMOS dende a súa constitución como formación política temos o compromiso claro de que tódolos datos económico-financeiros deben estar dispoñibles e accesibles ao conxunto da cidadanía, convenientemente desagregados, xustificados e achegando as correspondentes facturas e comprobantes, tendo en conta as limitacións establecidas polo REGULAMENTO (UE) 2016/679 DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) .

Por iso, unha das nosas maiores prioridades concrétase na máxima transparencia do Consello Cidadán e a Secretaría Xeral en todas as súas actuacións políticas e actividades económicas, habilitando as canles necesarias para que poidan ser consultados de xeito sinxelo e exhaustivo por calquera persoa.

As contas galegas teñen que ser publicadas con periodicidade regular na páxina web de PODEMOS Galicia.

Exercicio económico

O Consello de Coordinación Galego elaborará, con periodicidade anual, o orzamento do seguinte exercicio. Devandito orzamento deberá ser aprobado polo Consello Cidadán Galego con anterioridade ao comezo do exercicio económico.

Finalizado o Exercicio Económico, que coincidirá co ano natural, o Consello de Coordinación elevará un informe sobre a execución do orzamento ao Consello Cidadán, o cal aprobará ou denegará dita execución.

Os recursos económicos de PODEMOS Galicia estarán constituídos por:

a) Recursos procedentes do financiamento privado:

- As colaboracións e achegas de colaboradores/ as de PODEMOS Galicia.
- Os recursos procedentes das actividades propias de PODEMOS Galicia e das súas actividades promocionais.
- As doazóns en diñeiro, en particular os sistemas de *crowdfunding*.
- As doazóns en especie que serán contabilizadas polo seu prezo real estimado ou de mercado e que estarán suxeitas aos mesmos límites que as doazóns dinerarias.
- Os rendementos procedentes da xestión do patrimonio se os houberse e as herdanzas ou legados que reciban.
- Ningún membro de PODEMOS Galicia estará autorizado a recibir doazóns en efectivo.

b) Recursos procedentes do financiamento público:

- As subvencións públicas para gastos electorais, nos termos previstos na Lexislación electoral galega e na Lei Orgánica 5/1985, de Réxime Electoral Xeneral.
- As subvencións galegas anuais para gastos de funcionamento, reguladas na devandita Lei.



FERRAMENTAS
DE
PARTICIPACIÓN
A
NIVEL
GALEGO

EU ♥ FUTURO
PARA
GALICIA

Recoñecemos que existen factores que dificultan a participación, especialmente das mulleres, nos espazos e órganos, e que isto supón un problema colectivo de toda a organización. Por iso, débese garantir que os horarios das reunións dos órganos e espazos recolleitos neste documento sexan compatibles coa vida, para fomentar que todas as persoas poidan participar.

I. PRAZA PODEMOS DE PODEMOS GALICIA

Co obxectivo de abrir tódalas canles de encontro e comunicación posibles que amplíen a participación en PODEMOS manterase a plataforma Reddit a Praza PODEMOS Galega onde debater abertamente todos os temas importantes que ocorren na nosa rexión.

II. FERRAMENTAS DE VOTACIÓN

Aseguraranse mecanismos de participación específicos para as persoas con dificultade de acceso a internet e novas tecnoloxías

III. RETRANSMISIÓNS POR *STREAMING*

Realizarse retransmisión por *streaming* de tódolos encontros onde sexa loxisticamente posible para garantir o principio de máxima transparencia en Podemos.

IV. SOFTWARE LIBRE

PODEMOS é unha organización comprometida coa defensa das liberdades dixitais e que cre que as infraestruturas informáticas públicas deben desenvolverse sobre software libre para que a nosa democracia e os servizos públicos básicos non queden comprometidos e condicionados por intereses privados de empresas. Por iso, o uso das ferramentas informáticas/telemáticas dentro da nosa organización deberá atender a criterios de utilización de software libre na medida do posible.

V. PARTICIPACIÓN EN IGUALDADE

PODEMOS promove a participación directa de tódalas inscritas nos procesos de toma de decisións que afecten de maneira relevante á organización, recorrendo para iso a todas as ferramentas presenciais e telemáticas que poidan garantir e ampliar a participación política democrática. Así, PODEMOS fomentará os espazos presenciais de participación, á vez que se apoiará en distintas ferramentas telemáticas para facilitar a deliberación e a toma de decisións colectivas.

A través de accións impulsadas desde tódolos niveis da organización, e especialmente dende os Círculos, PODEMOS habilitará mecanismos para facilitar a participación en igualdade de condicións a quen teña dificultades de acceso ás ferramentas participativas telemáticas.

PODEMOS facilitará a tódalas persoas que se inscriban un procedemento de participación telemática e, para quen o solicite, un medio de participación presencial que permita exercer os dereitos de sufraxio de forma segura, secreta e accesible.

PODEMOS fomentará a formación e a sensibilización interna, de modo que será fundamental que os órganos electos do partido reciban a formación adecuada sobre estas cuestións para poder canalizar a súa área desde unha mirada transversal de accesibilidade universal. Así mesmo, apostarase por seguir a dinámica de implantación das compañeiras responsables de Igualdade e engadirase á formación en xénero a accesibilidade universal.

É habitual o descoñecemento que existe sobre os diversos colectivos, a súa idiosincrasia e os recursos que precisan para lograr unha igualdade de oportunidades. Doutra banda, cando falamos de formación, tamén nos referimos a saberes prácticos e que poden modificar de forma significativa a realidade. Un exemplo do anterior podería ser o feito de formar aos equipos da área de Audiovisuais en subtítuloado, contando na actualidade con ferramentas tan sinxelas como as que ofrece YouTube (e outras), a elaboración é rápida e fácil.

EU ♥ FUTURO
PARA
GALICIA